



Concello de Ortigueira

DECRETO:

Ante a proximidade das festas do Nadal considerase procedente realizar unha campaña de “Agasallos Nadal 2018” co obxecto de fomentar a igualdade dos nenos e nenas pertencentes a familias con escaseza de recursos económicos.

En consecuencia,

RESOLVO

Primeiro. - **APROBAR** as bases reguladoras do **PROGRAMA DE AXUDAS ECOMOMICAS PARA A ADQUISICIÓN DE AGASALLOS DE NADAL 2018**, que figuran no anexo I.

Segundo. - Que se expoñan as referidas bases no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello, así como nos taboleiros das distintas parroquias do Municipio, aos efectos oportunos e co fin de darlle a maior difusión posible a dito programa.

ANEXO I

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE AXUDAS ECONOMICAS PARA A ADQUISICION DE AGASALLOS DE NADAL 2018

OBXECTO DO PROGRAMA:

O obxecto do programa é a concesión de axudas económicas a familias con escaseza de recursos económico destinadas a adquisición de agasallos de Nadal para nenos e nenas que non teñan cumpridos os 14 anos no momento da solicitude, e no caso de minusvalía recoñecida superior ao 65 % o tope da idade será de 18 anos no momento da solicitude.

DESTINATARIOS DO PROGRAMA:

Poderán solicitar estas axudas os representantes legais –pai, nai e titor/a dos/as menores que cumbran os seguintes requisitos:

- a) Estar empadroado e residir habitualmente no Concello de Ortigueira, cunha antigüidade mínima de seis meses .
- b) Convivir cos/as menores para os que se solicita a axuda.
- c) Que a unidade familiar non teña uns ingresos anuais ponderados (resultado de multiplicar os ingresos familiares polo coeficiente de ponderación) de calquera procedencia, (salarios, pensións, desemprego,...) superiores ao 1,5 do S.M.I. vixente para cada ano (SMI: 735,90 €/mes para o exercicio 2.018) (SMI anual 14 pagas: 10.302,60 €/ano). A estes efectos deduciranse os gastos derivados de aluguer da vivenda habitual da unidade familiar (O arrendatario non poderá ter vinculación familiar de consanguinidade ou afinidade co arrendador) e/ou amortización de créditos de vivenda habitual (compra ou construción) ata un máximo de 2.400 €/anuais.

Número de membros de la unidad familiar	Coeficiente de ponderación a aplicar
2	1
3	1
4	0,95
5	0,90
6	0,85
7	0,80
Mais de 7	0,75

A efectos de baremación económica, considerase unidade familiar a integrada polos proxenitores, os fillo/as ou acollidos menores de idade e os fillos maiores de idade que dependan economicamente dos pais, independentemente do núcleo de convivencia.

En caso de non convivencia dos proxenitores, computarase a pensión alimenticia e/ou compensatoria establecida na correspondente resolución xudicial. No suposto de non ter resolución xudicial acreditar que iniciaron os trámites xudiciais necesarios para optar á pensión de alimentos ou para o pago da mesma en caso de incumprimento. Se non se presenta dita documentación computaranse os ingresos da parte non convivinte.

d) Presentar a solicitude e a documentación requirida en tempo e forma establecida nas presentes bases.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

Os interesados poderán presentar a correspondente solicitude no Rexistro Xeral de Entrada de Documentos do Concello ata o **16 de Novembro de 2018**.

As solicitudes presentadas fora de prazo serán desestimadas.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

- Impreso de solicitude
- Fotocopia do DNI/NIE/pasaporte en vigor de cada membro da unidade familiar
- Fotocopia do libro de familia ou documento que acredite o acollemento
- Xustificación documental dos ingresos de cada un dos membros da unidade familiar durante o ano 2018 (Nóminas, Pensións, Prestacións de desemprego, declaracións trimestrais de IRPF para autónomos, etc.ou calquera outro documento xustificativo que se estime oportuno desde os servizos sociais municipais..) e extracto bancario dos seis últimos meses das contas da unidade familiar..)
- Xustificante de gastos de aluguer e/ou do importe de amortización do préstamo hipotecario sobre a vivenda habitual da unidade familiar
- O empadramento e convivencia comprobarase de oficio polos Servizos Sociais do Concello

As fotocopias que se acheguen deberán de ser compulsadas polos servizos municipais, para o que deberán achegar os correspondentes orixinais.

No caso de que a documentación achegada polos solicitantes estea incompleta ou defectuosa requirirase aos interesados para que no prazo de tres días hábiles poidan presentala, con indicación de que de non facelo así se lles terá por desistidos da súa petición.

CONTÍA DA AXUDA:

A axuda por familia estará en función do número de menores beneficiarios de programa, destinándose como contía individual ata o importe máximo de 50 euros por menor.

PAGO DA AXUDA:

A axuda farase efectiva mediante entrega ao beneficiario/a dun vale polo importe correspondente que se trocará por xoguetes, libros, roupa deportiva,



Concello de Ortigueira

calzado deportivo ou calquera material ou instrumento relacionado coas novas tecnoloxías, nas entidades comerciais do Municipio de Ortigueira que acepten o devandito vale do Concello

CREDITO ORZAMENTARIO

O importe total do gasto para as axudas de agasallos de nadal é de **2.500 €**, que se imputará ao crédito do exercicio 2018.

No caso de que o importe total de axudas concedidas supere o máximo previsto en orzamento, as axudas veranse reducidas proporcionalmente a fin de poder concedelas a todos os solicitantes que acrediten o cumprimento dos requisitos.

PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

O procedemento de tramitación das solicitudes comprendera as seguintes fases:

- As solicitudes serán presentadas polos solicitantes no rexistro xeral do concello e serán avaliadas pola Traballadora Social, que emitirá o correspondente informe proposta.

-A vista de dito informe proposta a Alcaldía ditara resolución na que fará constar as solicitudes aprobadas cos importes concedidos e as solicitudes rexeitadas con indicación dos motivos.

-Dita resolución será publicada no Taboleiro de Edictos do Concello e na web municipal Estas publicacións substituirán á notificación nos termos que se establecen nos artigos 59.6.b e 60 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento común. Cando se acredite que a persoa solicitante ten a condición de vítima de violencia de xénero con orde de protección, a publicación no taboleiro de anuncios será substituída pola notificación individual, cando así se solicite pola persoa interesada na súa solicitude, segundo o disposto no artigo 61 da Lei orgánica 30/1992 mencionada anteriormente, e en cumprimento da Lei orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

-Xunto coa resolución da Alcaldía publicarase a data de entrega dos vales.

RECURSOS:

Contra as presentes bases así como contra as resolucións que se deriven destas poderase interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía ou contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso de Ferrol.

SOLICITUDE PARTICIPACION PROGRAMA DE AXUDAS ECOMOMICAS PARA A ADQUISICIÓN DE AGASALLOS DE NADAL 2018

DATOS DO SOLICITANTE:

APELIDOS E NOME		DNI
DOMICILIO		
TELEFONO	Correo electronico	

COMPOSICION RESTO DA UNIDADE FAMILIAR:

NOME E APELIDOS	PARENTESCO	DATA DE NACEMENTO

DATOS DOS MENORES PARA O QUE SOLICITA A AXUDA:

NOME E APELIDOS	DATA DE NACEMENTO

DECLARAN:

As persoas asinantes declaran: (todas as persoas que formen parte da unidade familiar e sexan maiores de idade)

- Que coñecen e aceptan as bases da convocatoria para a que solicitan a axuda.
- Que todos os datos incorporados á solicitude se axustan á realidade.
- Que quedan informados/as das de que a inexactitude das circunstancias declaradas dará lugar á denegación ou revogación da axuda.
- Que reúnen as condicións e requisitos para ser beneficiario da axuda, autorizando ao Concello de Ortigueira para recabar os datos e informes que considere necesarios ante a Seguridade Social, Axencia de Facenda Estatal e Comunidade Autónoma
- Que aos efectos do disposto na Lei orgánica 15/99, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o/a asinante autoriza o tratamento dos datos persoais (incluíndo a súa incorporación nos correspondentes ficheiros) incorporados na solicitude e noutros documentos normalizados relativos á xestión deste expediente. Que a finalidade para a que se utiliza o tratamento dos seus datos é para a xestión da súa solicitude e dar cumprimento á normativa aplicable. A/O asinante poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición relativo a este tratamento do que é responsable o Concello de Ortigueira, nos termos da normativa vixente.

Lugar e data

Asinado (o solicitante)

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ORTIGUEIRA



Concello de Ortigueira

Ortigueira, a nove de outubro de dous mil dezaioito

O Alcalde

Asinado dixitalmente ao marxe

Dilixencia de Secretaría

No exercicio das funcións de fe pública que me atribúe o artigo 3.2.e) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, poño esta dilixencia para facer constar que a presente resolución foi incluída no Libro Oficial de Resolucións deste Concello na data da miña sinatura. Esta dilixencia non presupón informe xurídico favorable ou desfavorable do seu contido.

O Secretario

Asinado dixitalmente ao marxe